PROGRAMA ERASMUS +

BASES DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A SÚA PARTICIPACIÓN NOS PROXECTOS ERASMUS+ PROPIOS DO CIFP AS MERCEDES, NO CURSO ACADÉMICO 2025/26

1.- Primeira. Obxecto.

A presente resolución ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación de mobilidades de persoal do CIFP As Mercedes.

O número estimado de bolsas para o curso 2025/26 é o seguinte:

	Persoal
Ciclos superiores (KA131) PROXECTO 2024	2
Ciclos superiores (KA131) PROXECTO 2025	10

2.- Segunda. Requisitos das persoas solicitantes e condicións.

1.- Ser persoal vinculado a calquera das ensinanzas de ciclos superiores que se imparten no CIFP As Mercedes no presente curso académico 2025/26, tanto no momento da solicitude coma no momento da mobilidade.

2.- Deberá solicitarse polo rexistro do centro autorización expresa para realizar a mobilidade, indicando exactamente as datas nas que se pretende levar a cabo.

3.- Non poderán coincidir máis de dous membros de cada departamento de forma simultánea realizando mobilidades. En caso de presentarse esta situación, o departamento celebrará unha reunión extraordinaria na que resolverá que mobilidades se levarán a cabo na data coincidente, quedando reflexado na correspondente acta. Posteriormente, comunicarao á dirección do centro para a súa aprobación.

4.- Cada solicitante buscará, pola súa conta, o contacto que o recibirá no país de destino.

5.- Para poder realizar a mobilidade, o acordo de aprendizaxe (Learning Agreement) deberá estar asinado e entregado á persoa responsable da coordinación de programas internacionais con data límite o día anterior á realización da mobilidade. **En caso contrario, dita mobilidade quedará automaticamente cancelada**.

6.- Á finalización da mobilidade a persoa beneficiaria entregará, á coordinación de programas internacionais, unha memoria explicativa do traballo realizado.

7.- A realización das mobilidades estará **suxeita a aprobación por parte da dirección do centro**, atendendo ás necesidades existentes en cada momento.

8.- Non se poderá realizar máis dunha mobilidade por persoa e curso académico ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo doutras convocatorias de mobilidades publicadas por outros organismos.

3.- Terceira. Actividades admisibles.

As actividades susceptibles de ser financiadas mediante esta convocatoria son as seguintes:

- Mobilidades físicas para formación (2 a 5 días), nas que se realizará un período de formación no estranxeiro nunha institución de educación superior asociada, unha empresa ou calquera outro lugar de traballo pertinente.

  As persoas participantes tomarán parte nunha actividade de formación no estranxeiro que sexa pertinente para o seu traballo habitual. Dita actividade pode consistir nun evento de formación (excepto conferencias) ou aprendizaxe por observación.

  A mobilidade poderá desenvolverse en máis dunha organización de acollida do mesmo país e seguirase considerando un só período de formación, sen prexuízo do requisito de duración mínima da estancia.

- Mobilidades combinadas para formación, que constarán das seguintes partes:

- Mobilidade física de curta duración (2 a 5 días), na que as persoas participantes realizarán un período de formación no estranxeiro nas mesmas condicións que nas mobilidades do apartado anterior.
- Compoñente virtual, na que as persoas participantes tomarán parte en actividades virtuais que permitan o traballo colaborativo ou a realización de cursos en liña. A duración da mobilidade virtual ten como única limitación a data de finalización do proxecto. Esta compoñente poderá ter lugar antes ou despois da mobilidade física.

4.- Cuarta. Organizacións de acollida admisibles.

A organización de acollida debe ser:

a) Unha institución de educación superior situada nun estado membro da UE ou nun terceiro país asociado ao Programa á que se concedeu unha ECHE (Carta Erasmus de Educación Superior) ou unha institución de educación superior dun terceiro país non asociado ao Programa recoñecida como tal polas autoridades competentes e que asinase acordos interinstitucionais cos seus socios dun estado membro da UE ou dun terceiro país asociado ao Programa antes de que leve a cabo a actividade de mobilidade.

b) Calquera organización pública ou privada activa no mercado de traballo ou nos ámbitos da educación, a formación, a mocidade, a investigación e a innovación.

5.- Quinta. Prazo de execución das mobilidades.

A data de finalización das mobilidades financiadas ao abeiro desta convocatoria non poderá ser posterior ao **31 de xullo de 2026**.

6. Sexta. Comisión avaliadora do centro educativo.

1.- A instrución, ordenación e selección no procedemento corresponde a unha comisión avaliadora que se constituirá no centro educativo coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa que exerza a dirección do centro educativo ou persoa en quen delegue.
- Vogalías:
  - A persoa coordinadora de programas internacionais no centro educativo.
  - Dous membros do equipo directivo do centro educativo.
- Secretaría: unha persoa docente do centro educativo, que actuará con voz pero sen voto.

2.- Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa docente do centro educativo.

7.- Sétima. Criterios de selección.

A selección do persoal realizarase de acordo aos seguintes criterios:

1.- **Antigüidade** no centro educativo (**máximo 4 puntos**).

- Destino provisional: 1 punto.
- Menos de 2 anos con destino definitivo: 2 puntos.
- Entre 2 e 4 anos con destino definitivo: 3 puntos.
- Máis de 4 anos con destino definitivo: 4 puntos.

2.- Coñecemento do **idioma do país de destino ou do idioma de traballo** (**máximo 4 puntos**):

Este apartado acreditarase mediante certificados que acrediten a competencia lingüística nun idioma estranxeiro, segundo a clasificación do Marco común europeo de referencia para as linguas (MCER), da seguinte forma:

- Certificado de nivel B1: 1 punto.
- Certificado de nivel B2: 2 puntos.
- Certificado de nivel C1: 3 puntos.

- Certificado de nivel C2: 4 puntos.

Valoraranse aqueles certificados de coñecemento de idiomas estranxeiros admitidos por ACLES (Asociación de Centros de Linguas de Educación Superior), conforme á táboa de certificados que estea vixente no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.

No caso de que a lingua oficial do país de destino sexa o español, a puntuación neste apartado será de 0 puntos.

3.- **Outros méritos**, referidos aos últimos 5 anos (**máximo 4 puntos**):

- Participación en programas educativos organizados pola Dirección Xeral de Formación Profesional (máximo 2 puntos). 0,25 puntos por cada participación en: programas do Plan Eduemprende, programa InnovaTech FP, coordinación de premios a proxectos de innovación na FP, coordinación de aula de emprendemento, coordinación de aula de tecnoloxía aplicada, participación na zona expositiva de FP Innova, participación en competicións de *skills*, coordinación de programas de formación para profesorado de Formación Profesional, dinamización de relación con empresas, etc.
- Participación en grupos de traballo organizados pola Consellería (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada grupo de traballo.
- Coordinacións e dinamizacións (máximo 2 puntos): 0,25 puntos por cada ano exercendo a coordinación de ciclo, coordinación do proxecto Abalar, asesoría Amtega, asesoría CIEDIX, asesoría CGIFP, coordinación de centro plurilingüe, coordinación de sección bilingüe, coordinación de auxiliares de conversa, responsable/coordinación do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable/coordinación da dinamización das TIC, responsable/coordinación de biblioteca, responsable/coordinación da convivencia escolar, responsable de dinamización da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinación do equipo de dinamización da lingua galega, coordinación de formación en centros de traballo, coordinación do equipo de dinamización do Plan dixital de centro, coordinación de benestar e convivencia, coordinación de programas internacionais, coordinación de innovación e formación do profesorado, coordinación de biblioteca de

centro integrado, coordinación de residencia, departamento ou división de centros públicos docentes, asesoría de formación permanente, asesoría Abalar, asesoría Siega, asesoría da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades, Formación Profesional ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica.

- Por cada ano exercendo a dirección, a vicedirección, xefatura de estudos, secretaría e asimilados en centros públicos docentes (máximo 2 puntos): 0,5 puntos.

Para acreditar estes méritos presentarase documentación xustificativa oficial, do contrario, non se terá en conta.

4.- Pola **non participación en mobilidades** nos últimos 3 anos: 2 puntos.

5.- Criterios de desempate.

No caso de empate darase prioridade ás persoas solicitantes que non participaran en mobilidades durante os últimos 3 anos.

Se aínda así persiste o empate, farase a selección por sorteo.

8.- Oitava. Contía das mobilidades.

A contía destinada a financiar os gastos da mobilidade será unha cantidade fixa calculada sobre a base de importes establecidos polo Servizo Español para a Internacionalización da Educación (SEPIE). Esta axuda correrá cos gastos de manutención, viaxes, aloxamento, empresas intermediarias (se fose preciso), seguros e demais gastos.

9.- Novena. Prazo e presentación de solicitudes.

As persoas interesadas que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán no rexistro do centro educativo a solicitude normalizada (Anexo I), xunto coa documentación acreditativa dos méritos alegados.

O prazo de presentación de solicitudes abrangue dende o **3 de outubro de 2025 ao 10 de outubro de 2025, ámbolos dous incluídos**.

Non se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo, a excepción daquelas persoas cuxa relación laboral co centro se produza nun momento posterior á data límite de presentación. As persoas interesadas terán un prazo de oito días contados dende o día seguinte á súa incorporación ao centro, para formalizar a solicitude da mobilidade.

Neste último caso as mobilidades serán adxudicas por orde de solicitude e estarán suxeitas á dispoñibilidade de prazas, tendo as persoas interesadas a opción de inscribirse na lista de reserva no caso de que todas as prazas resultaran concedidas.

10.- Décima. Tramitación do procedemento.

1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a comisión avaliadora deberá valorar as solicitudes presentadas de acordo aos criterios que figuran no punto 7.

2.- A comisión avaliadora fará un acta provisional (Anexo II) na que se indicarán as persoas seleccionadas, por orde de prelación, xunto coa puntuación obtida por cada persoa solicitante. Indicaranse tamén as persoas excluídas xunto coa causa da exclusión.

Esta acta provisional, asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, publicarase na páxina web do centro unha vez reunida a comisión avaliadora.

3.- As persoas interesadas disporán dun prazo de 3 días naturais, contados dende o día seguinte á publicación da acta provisional, para a presentación de reclamacións.

4.- Rematado o prazo de reclamacións, a comisión avaliadora resolveraas e elaborará unha acta definitiva (Anexo III) de persoas seleccionadas e excluídas, con indicación das puntuacións obtidas, e asinada pola persoa que presida a comisión e a persoa secretaria da mesma, que fará pública na páxina web do centro.

11.- Décimo primeira. Adxudicación das mobilidades.

1.- Á vista das solicitudes presentadas, o CIFP As Mercedes elaborará a correspondente proposta de adxudicación das mobilidades por orde de adxudicación segundo o baremo acadado.

2.- Se hai máis solicitudes que prazas ofertadas, as persoas que non acaden unha mobilidade pasarán á lista de espera, podendo optar a unha mobilidade no caso de que haxa un número de renuncias igual ou superior ao posto que ocupe na citada lista de espera.

12.- Décimo segunda. Renuncias.

1.- No caso de que a persoa participante non poida facer a mobilidade concedida, deberá presentar no rexistro do centro educativo un escrito de renuncia (Anexo IV) á atención da dirección do centro e da coordinación de programas internacionais.

2.- No caso de que o importe, ou parte do importe, xa fose transferido á persoa participante, este deberá reintegralo.

13. Décimo terceira. Pagamento dos importes.

1.- O importe de cada mobilidade farase efectivo mediante unha transferencia bancaria á persoa interesada, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de titularidade bancaria aportado.

2.- O primeiro pagamento, dun 80% do importe total, realizarase antes do inicio da mobilidade, unha vez asinado o convenio Erasmus+.

3.- Para o segundo pagamento, do 20% restante, será necesario que:

- O centro educativo dispoña do acordo de aprendizaxe (Learning Agreement) asinado por todas as partes, no caso de mobilidades de aprendizaxe por observación.
- O centro educativo dispoña do certificado de realización da estadía, no que conste data de inicio e fin, número de horas, programa e estea

asinado polo provedor do mesmo, no caso de mobilidades para realización de cursos e formación.

- A persoa participante cubra e envíe en liña o cuestionario UE (EU Survey) nos 30 días posteriores ao remate da mobilidade de acordo co establecido no Programa Erasmus+.

Dito pagamento realizarase nos 45 días naturais posteriores ao envío en liña do cuestionario UE.

4.- No caso de que o cómputo de días da mobilidade declarado no complemento ao acordo de aprendizaxe fose inferior ao declarado no convenio de subvención, o pago do 20% restante minorarase proporcionalmente. Se isto non fose suficiente, solicitarase a devolución da parte proporcional do primeiro pagamento.

Todos os documentos referidos neste punto serán proporcionados, a petición das persoas interesadas, pola coordinación de programas internacionais e unha vez adxudicadas as mobilidades.

14.- Décimo cuarta. Devolución dos importes das mobilidades.

1.- A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen derivadas de dita falsificación.

2.- O incumprimento total ou parcial por parte da persoa participante de calquera das condicións e obrigas establecidas nesta resolución e demais normas aplicables poderá constituír causa determinante de revogación da mobilidade concedida e do reintegro total ou parcial das cantidades percibidas xunto con xuros de demora que lle poidan corresponder en cada caso.

3.- Procederá a devolución íntegra das cantidades percibidas cando se obteña a mobilidade sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión ou se falseen ou oculten feitos ou datos que motivaron a súa concesión.

***NOTA: todos os anexos se confeccionaron seguindo o modelo empregado nos documentos oficiais da Xunta de Galicia.**